


**PROPOSIÇÃO
DE REFORMA
DO SISTEMA
DE CONTABILIDADE
FISCAL**


 **iniciativa
comunista**





Combater o subxectivismo a fin de corrixir o estilo do noso estudo, combater o sectarismo a fin de corrixir o estilo do noso Partido nas súas relacións internas e externas, combater os clichés a fin de corrixir o estilo dos nosos escritos: velaí a tarefa que se nos presenta.

Mao, «Rectifiquemos o estilo de traballo do Partido» (1942)



DOGMAS CONTRA A RECONSTITUCIÓN


Durante a última década, o Movemento Comunista do Estado español (MCEe) experimentou un salto cualitativo desde o punto de vista ideolóxico que, con todo, aínda está lonxe de materializarse organizativamente. Aínda carecemos dunha estrutura organizativa capaz de trazar o camiño de unión entre a vangarda e as amplas masas do proletariado. Cada día, un maior número de organizacións reconece a inexistencia do Partido Comunista e termos como «reconstitución» ou «reconstrución» adquiren unha maior presenza na axenda propagandística de non poucos destacamentos. Pola nosa banda, non só aceptamos esta tese, senón que consideramos que nin sequera existe unha liña incipiente con potencial para afrontar a inmensa tarefa da Reconstitución. Consecuentemente, cremos que calquera organización que estime aprioristicamente a súa liña como a correcta, de facto e a pesar dun rexeitamento nominal, considérase o Partido.

W *A visión dogmática do marxismo-leninismo (m-l) mantennos presos nunha posición de fragmentación*

Como marxistas, debemos procurar, co rigor científico que se nos presupón, que todos os nosos actos queden suxeitos á dura proba da práctica e non á de pomposas declaracións. A singular importancia do momento que vivimos e o esperanzador futuro que queremos construír esixe non agochar as nosas carencias tras vagas abstraccións. Debemos evitar pechar realidades complexas mediante afirmacións simples absolutamente negativas ou positivas. Facer da parte o todo é unha forma errónea de enfocar a ineludible loita ideolóxica entre destacamentos, pois acentúa os aspectos secundarios no canto de poñer o foco nos principais, é dicir, naqueles principios

capaces de materializarse no concreto. A visión dogmática do marxismo-leninismo (m-l) mantennos presos nunha posición de fragmentación e continúa validando a hexemonía ideolóxica do revisionismo.

A partir desta premisa, descrita brevemente a modo de introdución, **imos tentar analizar unha serie de dogmas que identificamos no MCEe**. Estes dogmas non foron extraídos dunha observación pasiva do Movemento, senón que condensan os obstáculos concretos expostos polo noso traballo pola Reconstitución do Partido Comunista xunto con outras organizacións. Como con todos os demais erros que o MCEe poida cometer, a súa comprensión, estudo e debate é fundamental para avanzar sen repetilos.



PRIMEIRO DOGMA. SOBRE A ASUNCIÓN DE PRINCIPIOS DE FORMA DECLARATIVA

Nos procesos revolucionarios históricos que poidamos estudar, raramente —ou nunca— unha liña política illada, a través do seu propio autodesenvolvemento, se tornou na constitución do Partido Comunista. Observar isto é relativamente sinxelo, pero traducilo á nosa realidade e asumir a súa consecuencia práctica implica someter á máis estricta crítica cada unha das nosas accións. Se afirmamos que non existe un Partido Comunista con liña revolucionaria, todos e cada un dos nosos pasos deben achegarnos á construción do devandito Partido. Porén, **gran parte do MCEe confunde as tarefas pre-partidarias das partidarias**, e a través da idealización do período da III Internacional, lánzase a «organizar o asalto» sen nin sequera establecer os cimentos que sostiveron as grandes revolucións de outrora.

A estratexia do proletariado e a súa política de alianzas, do mesmo xeito que en períodos de paz ou de guerra, non pode ser a mesma con ou sen a existencia do Partido. Precisamente, o Partido de novo tipo é un instrumento indispensable para a organización da guerra do proletariado. Unha organización comunista que se lanza a tentar crear estruturas, órganos, secretarías, mocidades etc., independentemente da súa composición interna cualitativa e cuantitativa; que di querer organizar células en empresas, conquistar sindicatos ou outras estruturas, planificar unha liña orientada ás grandes masas e, en definitiva, repetir o mesmo que levan facendo multitude de organizacións desde preto de medio século con nulos resultados prácticos, consciente ou inconscientemente, considérase o Partido.

Facer da necesidade virtude, está lonxe do rigor que require o m-l e as tarefas dos comunistas. **A incapacidade que temos todas e cada unha das organizacións de afrontar o conxunto de tarefas necesarias**, legais ou non, enmascaradas en pretextos conxunturais ou escusándose no “atraso” das condicións subxectivas das masas, é pura e sinxelamente oportunismo de dereitas. De igual maneira, centrarse inmediatamente nas necesidades obxectivas sen o traballo previo de formación de cadros e fusión do m-l coas masas é oportunismo



de esquerdas. Admitir que nun ou outro momento caemos nas devanditas posicións demostra o grao de madurez do movemento, pola contra en ambos os casos volvemos á situación de punto morto onde parece máis fácil mirarse ao embigo e sinalar «ao do lado» que reformularse o esquematismo dogmático que segue a predominar no MCEe.

SEGUNDO DOGMA: A TEORIA DA ESPONTANEIDADE

Lenin no seu folleto «Por onde comezar?» lémbraunos que sen unha organización forte, iniciada na loita política en calquera circunstancia e calquera período, non se pode nin falar dun plan de actividade sistemática, baseado en principios firmes e aplicado rigorosamente, ou o que é o mesmo, de ter unha táctica.

Hoxe, do mesmo xeito que entón, pretender dotar de conciencia revolucionaria ás grandes masas, xa sexa desde un sindicato ou outro espazo, sen a existencia dunha organización con




Hoxe, do mesmo xeito que entón, pretender dotar de conciencia revolucionaria ás grandes masas, xa sexa desde un sindicato ou outro espazo, sen a existencia dunha organización con liña revolucionaria, é caer no culto á espontaneidade. Sen unha estrutura capaz de servir de ligazón efectiva coa nosa clase é imposible xerar dita conciencia.



liña revolucionaria, é caer no culto á espontaneidade. Sen unha estrutura capaz de servir de ligazón efectiva coa nosa clase é imposible xerar dita conciencia.

Algúns destacamentos perxuran que a conquista das estruturas do proletariado, tales como os sindicatos, é unha das tarefas de actualidade máis importantes para a revolución. Ao noso parecer, esta tese é profundamente errónea. Aínda así, se nun exercicio especulativo asumimos a necesidade de afrontar esta tarefa, como deberíamos proceder?: cantos camaradas fan falta para a conquista dos sindicatos? Que postos han de ocupar? Como se debe organizar a axitación e a propaganda? Débese preparar paralelamente o período do combate do proletariado? Con que métodos e estruturas? Está ligada a tarefa de conquista dos sindicatos ao anterior ou só nos ocupamos do primeiro?

Creemos que é caer nunha profunda contradición invocar o «Que facer» coa man esquerda, mentres coa man dereita afirmase que é imprescindible a conquista dos sindicatos para a toma do poder, todo isto ademais circunscrito a un marco concreto dun puñado de militantes sen apenas experiencia política en diferentes períodos de loita. Tal formulación **esconde un profundo culto á espontaneidade.**



TERCEIRO DOGMA: SOBRE A APLICACIÓN MECANICISTA DO M-L E A VISION ESQUEMATICA DO MESMO

A lectura dos clásicos do marxismo é imprescindible para forxar o futuro da ditadura proletaria. Durante un longo período de tempo, aprender de quen nos precedeu converteuse nunha tarefa secundaria para a maioría do MCEe. Quen nalgún momento do noso desenvolvemento militante crecemos dentro das «grandes» estruturas comunistas do Estado español, puidemos constatar que o seu funcionamento servía, principalmente, para a creación dun exército de activistas (ou artesáns, por recuperar a terminoloxía do Que Facer), non de comunistas. Desde hai algúns anos, podemos observar como a tendencia cambiou; deu media volta e unha gran parte dos documentos históricos do proletariado saíu do pozo para caer noutro —se cabe, máis profundo— onde predomina unha interpretación mecanicista e descontextualizada dos mesmos.

Volvendo a Lenin, a análise concreta da realidade concreta, por moi desvalorizada que se atope esta frase, **esixe estudar e entender os cambios das forzas produtivas a nivel mundial en xeral e no Estado español en particular.**

Para ilustrar aquilo que pretendemos explicar, poñeremos un par de exemplos que calquera comunista pode identificar facilmente: a táctica da Fronte Popular desenvolvida pola III Internacional. Independentemente da súa consideración como acertada ou desacertada, a mesma desenvolveuse nun contexto onde existían as Repúblicas Soviéticas e unha Internacional Comunista, é dicir, unha estratexia pola cal os intereses do proletariado nacional quedaban subordinados aos do proletariado internacional. Hoxe, seguimos observando destacamentos que, como un metrónomo, asumen a alianza con todas as clases populares diante do auxe do fascismo, á vez que defenden o deber de combater ferozmente as posicións da socialdemocracia.

De maior actualidade é o caso do imperialismo. Ao comezo da Guerra da Ucraína —algúns manteñen a mesma posición a día de hoxe— foi manifestada, polo lado esquerdo, unha postura tan xeral como ambigua. Colocaron o deber de combater á oligarquía rusa ao mesmo nivel que a da súa propia nación e, mesmo, por riba dela. Aínda que algúns destacamentos rectificaron con posterioridade, a defensa orixinal desta tese veu precedida dunha lectura dogmática de Lenin. Tal e como sinalamos no artigo «A OTAN, Rusia e o fetiche do interimperialismo» (1): (...) aceptan de palabra as teses leninistas sobre o imperialismo, pero fallan á hora de aplicar a súa consigna fundamental: a análise concreta da situación concreta. Así, limítanse a ofrecer fragmentos descontextualizados de obras con máis dun século de antigüidade, pero ignoran os profundos cambios que se produciron desde entón. Aplican unha lente que resultaba útil para entender o capitalismo de 1920, pero que deforma a análise se a trasladamos directamente e sen un desenvolvemento máis amplo ao noso propio momento histórico (2).

Os mecanicistas, obsesionados por buscar en 2023 o país cuxas características económicas formais máis se asemellan ás potencias imperialistas de principios do século XX, esquécense do aspecto político esencial do imperialismo: a explotación das masas periféricas por un puñado de potencias mundiais. Isto sería un aspecto secundario para eles, debido a que están demasiado ocupados buscando o país tecnicamente máis monopolista (independentemente da debilidade dos devanditos monopolios) ou listando as cantidades de capitais exportados (independentemente de que desempeñen un papel beneficioso ou prexudicial para a economía de orixe).

A aplicación do m-l desde unha visión esquemática, na que todo precepto e inspiración xa vén dada, non só é a propia negación desta doutrina, senón que imposibilita o desenvolvemento das competencias e o estudo do marxismo cun nivel de esixencia moi por riba do que vimos tributando as últimas décadas. Se afirmamos que o m-l é a ciencia do proletariado, temos o deber de estudala e aplicala como tal.

CUARTO DOGMA. A NEGACIÓN DA EXISTENCIA DA LOITA DE CLASES NO SEO DAS ORGANIZACIÓNS DO PROLETARIADO

Aínda hai moitas organizacións comunistas no Estado español que **negan a existencia da loita de liñas**. Consideran que a reprodución das contradicións propias da sociedade capitalista no seo da vangarda – como consecuencia do noso desenvolvemento sociocultural dentro da mesma – non é un problema real que haxa que afrontar. Nós, pola nosa parte, consideramos que a defensa do m-l como doutrina emancipadora do proletariado implica o recoñecemento daquelas aportacións que historicamente conduciron ao seu desenvolvemento. Se ben resultou algo implícito no devir bolxevique, foron as contribucións de Mao Zedong as que permitiron articular, tanto no plano teórico como no práctico, a existencia da loita de liñas nas organizacións do proletariado.

W (...) *algunhas organizacións tachan as teses feministas como burguesas e defenden o comunismo como única vía para a liberación da muller, á vez que defenden a dualidade de sistemas entre capitalismo e patriarcado*

Porén, en calquera destacamento do Estado español **pódese chegar a observar a defensa de liñas antagónicas entre si camufladas aparentemente como tácticas non contraditorias**. Por exemplo, ante un MCEe que aínda non resolveu o papel que os comunistas debemos adoptar ante a emancipación do proletariado feminino, atopámonos como algunhas organizacións tachan as teses feministas como burguesas e defenden o comunismo como única vía para a liberación da muller, á vez que defenden a dualidade de sistemas entre capitalismo e patriarcado.



A loita de liñas existe tanto en organizacións de recente creación, como naquelas consideradas «históricas», onde se acentúa aínda máis se cabe. En ámbolos casos, a postura dos diferentes destacamentos comunistas ao respecto da loita de liñas axúdanos a valorar cales están por superar o estado actual do movemento comunista e cales están por seguir perpetuándo.

A loita de liñas existe tanto en organizacións de recente creación, como naquelas consideradas «históricas», onde se acentúa aínda máis se cabe. En ámbolos casos, **a postura dos diferentes destacamentos comunistas ao respecto da loita de liñas axúdanos a valorar cales están por superar o estado actual do movemento comunista e cales están por seguir perpetuándoo.** Afirmamos ao principio deste documento que non existe actualmente Partido, nin unha liña incipiente cuxo autodesenvolvemento poida concluír na Reconstitución do mesmo. Negar a loita de liñas implica negar esta premisa. Esta negación é profundamente dogmática, equivalente ao «todos son revisionistas menos eu» que de forma tan recorrente se toma como atallo para evitar afrontar cuestións complexas e debates profundos no seo do m-l.

QUINTO DOGMA. DECLARAR COMO COMPLETAMENTE ACERTADAS OU DESACERTADAS AS FIGURAS HISTÓRICAS REVOLUCIONARIAS

E común atopar en cada organización, coma se dunha lista da compra se tratase, unha serie de nomes de grandes revolucionarios distribuídos entre líderes e traidores. A todo aquel que se atope lendo estas liñas viranlle á cabeza algúns nomes: Stalin, Lenin, Mao, Kollontai, etc.

Centrándonos neses catro nomes, sobre o primeiro, a socialdemocracia con fouce e martelo comprou a totalidade do relato burgués que construíu a figura de Stalin como un líder cuxa vontade sometía ao Partido e non ao revés. Este profundo descoñecemento da historia soviética —en multitude ocasións intencionado cando se omite por conveniencia política—, tamén se localiza en organizacións de recente creación que prefiren desligarse do revolucionario xeorxiano co obxecto de que o seu proxecto non se vexa embarrado polo lodo das súas contradicións.


Respecto a Lenin, se ben a aceptación da súa figura é máis ou menos xeneralizada, é común atopar un tratamento dos seus textos dunha maneira similar a como un devoto trata o Evanxeo. Lonxe de profundar no método, pretenden responder á realidade cambiante replicando, liña por liña, o proceder bolxevique. Tal situación leva a que as novas xeracións de militantes, dende outro punto de partida, recorran o mesmo camiño. A aceptación dogmática de todos os postulados de Lenin xerou un rexeitamento incipiente cara o m-l que cae, igual que no primeiro caso, na subxectivación da súa literalidade. Por outra banda, tamén **é común atoparse con liñas políticas marxianas que rexeitan de plano a análise leninista do imperialismo por non “encaixar” co que Marx observou do capitalismo pre-monopolista.** No canto de entender que o coñecemento de Marx se circunscribe ao estudo das forzas produtivas da súa época —e que, polo tanto, calquera especulación a futuro que puidese facer non é máis que iso—, utilizan ata o máis desacertado dos seus pés de páxina para negar o desenvolvemento concreto do modo de produción capitalista que non estivese xa plenamente considerado na crítica da economía política.

Con Mao, atopamos dúas vertentes de orixe similar á de Lenin, aínda que en menor proporción: o maoísmo, que idolatra a súa figura e exímea de calquera erro, e aqueles que tachan de maoísta a calquera que non renega ata do derradeiro pé de páxina dos seus escritos.

Por último, quizais pola falta de estudo do papel das grandes revolucionarias na historia, tamén observamos unha idolatría absoluta das teses de Kollontái que atacan o feminismo, omitindo o estudo do seu papel como organizadora do movemento proletario feminino.

A lista de exemplos é moito máis longa: Luxemburgo e a cuestión do Partido, Fidel e a construción do socialismo en Cuba, Lukács e a súa produción teórica, etc., porén, consideramos que con estes catro exemplos queda claro o punto ao que nos referimos.

Como xa manifestamos, o estudo do m-l exige rigor, así como o estudo da historia revolucionaria de onde se poden sacar valiosas leccións, erros e acertos, especialmente daqueles países onde tiveron lugar revolucións. Isto non é óbice para que unha vez realizado o balance xeral poidamos detallar as aportacións de tal ou cal figura histórica ou tal ou cal proceso revolucionario como maiormente acertadas ou maiormente desacertadas.



SEXTO DOGMA. A PERCEPCIÓN DE ESPAÑA COMO UN ESTADO SOMETIDO AO CAPITAL INTERNACIONAL

A maioría de organizacións admiten abertamente que o Estado español é un Estado imperialista. Porén, se enfrontamos dita afirmación coas análises concretas, ou peor aínda, coa súa práctica, observamos que a conclusión evidente é que non o teñen interiorizado.

As políticas económicas da denominada etapa do desenvolvismo durante a ditadura franquista apoiadas polos Estados Unidos e a Comunidade Económica Europea (CEE) contribuíron a crear un capital monopolista de estado mediante a fusión do capital bancario e do capital industrial dirixido polo Estado. Un proceso que podemos dicir que culmina inequivocamente coa incorporación do

Estado español á CEE en 1986. Dito período coincide, non casualmente, co último período revolucionario dentro do Estado español e aínda se lastran posicións incorrectas produto de análises estáticas que impiden ver a realidade de forma dialéctica.

Para favorecer a división internacional do traballo e arranxar os conflitos de intereses derivados da súa actividade económica, os imperialistas crean organismos de decisión para solucionar todo conflito de intereses —e evitar recorrer á guerra— ou xeran agrupacións de imperialistas que estean preparadas para tomar posición fronte ao capital monopolista de estado doutros países. As devanditas asociacións resúmense no interese dos imperialistas pola repartición económica do mundo.

Debido ás contradicións intrínsecas do imperialismo e á concentración de capitais sabemos que os anteditos esforzos por solucionar os conflitos de intereses entre imperialistas son inútiles e o propio desenvolvemento do imperialismo leva inequivocamente á guerra. A ruptura con ditas asociacións non é máis que un preámbulo da mesma.

Algúns destacamentos consideran que actualmente os Estados son simples delegados dun capitalismo globalizado encargados de salvaguardar os intereses do capital supranacional en cada marco territorial. Ao noso parecer, esta afirmación parécenos máis próxima á teoría do ultraimperialismo de Kautsky —ou á nosa versión coetánea do Imperio de Negri e Hardt—, que á visión do capital monopolista de Estado da teoría do imperialismo de Lenin. E implica o erro, seguramente non pretendido, de aspirar a unha sorte de emancipación nacional en alianza cun sector da burguesía nacional que estraña a independencia fronte a ese «capital supranacional». É por iso que suxerimos que é unha visión idealista aspirar a que o Estado burgués dea marcha atrás na historia. O imperialismo é a fase superior e derradeira do capitalismo, antesala da revolución proletaria, polo que **propon unha análise como se puideramos volver á etapa librecambista ou peor aínda, que o Estado español pertence ao final da cadea imperialista cando vivimos no centro do imperialismo mundial é unha lectura completamente errónea da que hai que desprenderse inmediatamente.**


W **A estrutura institucional das grandes centrais sindicais é máis parecida á dun ministerio que á dunha ferramenta de combate do proletariado**

De forma análoga, entender as grandes centrais sindicais dos países imperialistas, como ferramentas defensivas do proletariado, do mesmo xeito que o sindicalismo nos países máis atrasados, é non entender **o papel da formación da aristocracia obreira nos países imperialistas e o dominio ideolóxico e material da clase dominante sobre a mesma.** A estrutura institucional das grandes centrais sindicais é máis parecida á dun ministerio que á dunha ferramenta de combate do proletariado (espontánea, artesá o con tódolos cualificativos que queiramos darlle).

A base xurídica do sindicalismo desenvólvese nos mesmos anos 70-80 antes citados, configurando os sindicatos como «profesionais da negociación» que escolleron, xunto aos xacando chamados partidos obreiros, **a vía da reforma, o pacto e a conciliación.** Á par, o imperialismo inxecta cantidades inxentes de cartos non só a través de subvencións, senón integrando a burocracia sindical no «ladrillazo», o negocio da formación, as empresas dependentes, etc.

Non en balde, en pleno proceso de axuste dende a crisis do 2007, o sindicalismo maioritario exclúe deliberadamente a confrontación, sequera para regular dentro da orde xurídica burguesa os «novos» empregos derivados da chamada «uberización da economía» e mira para outro lado no sector hostaleiro, aínda sendo moi relevante para o Estado. A realidade é que a loita espontánea da clase obreira véñse organizando non só dentro do sindicalismo maioritario, senón tamén fóra del, xa que **os sindicatos maioritarios non representan minimamente os seus intereses de clase** ou o que é o mesmo, non representan minimamente os intereses de gran parte do proletariado.

En «O problema dos combates de clase do proletariado», Stalin mófase de Humbert- Droz ante a súa indignación porque os obreiros non sindicados do Ruhr se mostrasen máis revolucionarios que os sindicados. Stalin sentencia de forma retórica: Por que non puido ocorrer? No Rhur hai cousa de un millón de obreiros. Preto de douscentos mil pertencen aos sindicatos. Os sindicatos diríxenos burócratas reformistas ligados por infinitos fíos á clase capitalista. Que ten de sorprendente que os obreiros non sindicados se mostrasen máis revolucionarios que os sindicados? Seica podía ser doutro modo? (3)



Por iso, en consonancia co descrito no Segundo dogma, afirmamos que pretender «controlar» a estrutura sindical xa existente é una desviación similar á dos partidos revisionistas que din pretender «controlar» a estrutura estatal xa existente. Por moito que os comunistas de organizacións situadas á esquerda do Partido Comunista de España/Esquerda Unida cheguen ás altas direccións dos sindicatos maioritarios — que é algo que xa ten acontecido en varias ocasións dentro de Comisións Obreiras—, **os sindicatos seguiron administrando a miseria dos e das traballadoras estatais e miraron para outro lado fronte ás agresións constantes do Estado español ao proletariado internacional.** Non cremos que se trate dun problema que se resolva pondo etiquetas de oportunistas e renegados, senón da propia esencia do «aparato».

Como xa dixemos, para o m-l o sindicalismo é precisamente loita espontánea, e nós entendemos que a loita espontánea, económica ou sindical, se articula de moitas formas, non necesariamente con base no que diga o ordenamento xurídico burgués. Polo tanto, noso deber como revolucionarios e revolucionarias é elevar o nivel de conciencia, transformar a loita económica en loita política alí onde se dea.

CONCLUSIÓNS

O conxunto de dogmas expostos pretende presentar, de forma sintetizada, algúns dos obstáculos principais que impiden o avance do comunismo no Estado español. Porén, a súa superación endexamais poderá realizarse dende a abstracción teórica, senón a partir **da demostración práctica**.

Esta tarefa nin moito menos será sinxela e as contradicións que atanguen unicamente poderán ser resoltas se dende o comezo do seu tratamento partimos dun sincero desexo de unidade. **Unidade no recoñecemento da inexistencia dunha liña revolucionaria e da dispersión organizativa dos cadros do proletariado.** A partir de aquí, poderá desenvolverse a crítica necesaria para o desenvolvemento do m-l, pero sempre como método para lograr una nova base para a unidade.

Se asumimos este principio como o camiño que debemos percorrer para superar o dogmatismo no seo do movemento, acadaremos un gran paso na reconstitución do Partido Comunista.

REFERENCIAS

(1) Iniciativa Comunista. *Línea Roja n.º.4., Monográfico sobre Imperialismo* (2017).

(2) Adrián Rojas. *La OTAN, Rusia y el fetiche del interimperialismo* (2022).

(3) J. Stalin. *Perigo de Dereita no Partido Comunista (Bolchevique) da URSS. Pravda, N.º. 247, 1928. Tradução de Editorial Vitória Ltda*

